

SEGUNDO DE GRAO PROFESIONAL

PARTE I

PROBA DE FRAUTA

Tres obras de diferentes estilos, elixidas polo aspirante.

As obras poderán ser escollidas entre as programadas no primeiro ou segundo curso de grao profesional.

As obras que requiran acompañamento pianístico ou doutro instrumento deberán interpretarse co devandito acompañamento.

O alumno aportará os seus acompañantes.

As partituras deben ser orixinais. O alumno facilitará copias ao tribunal das obras que interpretará.

PARTE II

1.- PROBA DE LINGUAXE MUSICAL

Estas probas abranguerán os contidos comprendidos nos distintos apartados das programacións dos catro cursos de Grao Elemental e do primeiro curso de Grao Profesional.

CONTIDOS DA PROBA

- **Ditado rítmico - melódico:** a dúas voces en compás regular dunha extensión de 8 a 16 compases, ata tres alteracións na armadura, podendo aparecer algunha accidental, figuración rítmica ata a semicorchea, grupos de valoración especial regulares e irregulares. Para a realización do ditado, daráselles aos examinandos, o La do diapasón, a tónica da tonalidade a empregar, o La do diapasón, os acordes tonais, o La do diapasón, a primeira nota do ditado e a velocidade do pulso (nesta orde).
- **Repentización rítmica:** en claves de Sol e Fa en 4ª en compás regulares e irregulares con aplicación das equivalencias.

- **Entoación:** Repentización dun exercicio en clave de Sol, con acompañamento pianístico que apoie pero que non dobre a melodía, ata 5 alteracións.
- **Teoría:** Abranguerá un exercicio escrito de 10 preguntas.

Os exercicios de Teoría e Ditado, realizaranse nunha única sesión e terán a duración máxima de unha hora e media.

Para os exercicios de repentización rítmica e entoación, o examinando disporá de 10 minutos en total para preparar en clausura ámbolos dous exercicios.

2.- PROBA DE ORQUESTRA/BANDA

1.- Interpretar dous solos ou fragmentos dos listados que aparecen a continuación, ou de similar dificultade. Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado.

Nesta proba, o alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2.- Ler a primeira vista un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior ó que opta o alumno.

Esta listaxe de obras é orientativa, polo que poderán presentarse obras de similar dificultade. Según o curso ó que se desexe acceder, o alumnado presentará o repertorio dunha agrupación xuvenil ou sinfónica, elixindo entre Banda e Orquestra. É dicir, non ten que presentar o repertorio de dúas agrupacións, só de unha.

ACCESO DE 2º a 4º DO GRAO PROFESIONAL

BANDA (XUVENIL)

COMPOSITOR/A	OBRA E OBSERVACIÓNS
F. Pérez Seara	Banda galega
A. Waignein	Festival suite
J. Ninjs	Concerto dynamico
J. V. Pérez Planells	Fina Planells
J. Horner	The mask of zorro

ORQUESTRA (XUVENIL)

COMPOSITOR/A	OBRA E OBSERVACIÓNS
F. Schubert	Marcha militar
J. Strauss	Pizzicato polka
Sullivan	The pirates of penzance
R. Schumann	Celebre reverie
E. Elgar	Chanson de nuit
Gluck	Suite-ballet (óperas)
	12-Gavotte
Telemann	Musique de table
C. Brown	Rustic dances, nº 1 "Country dance"; Nº 4 "Gypsy dance"
P. I. Tchaikowsky	The nutcracker
F. Delius	Two aquareles

3.- PROBA DE CONXUNTO

As probas de acceso ós distintos cursos do CONXUNTO DE VENTO MADEIRA consistirán en:

1. - Interpretar dúas obras axeitadas ó nivel do curso ó que se accede. Se interpretará só unha das partes e sen acompañantes, é dicir, a solo.

Estas obras poderán escoitarse na súa totalidade ou parcialmente, segundo o criterio do profesorado. Nesta proba, o alumnado presentará dúas copias para o tribunal.

2. - Ler a primeira vista a solo un fragmento de 16 compases a proposta do tribunal, cun nivel máximo do curso anterior.

Esta listaxe de obras é orientativa, polo que poderán presentarse obras de similar dificultade.

COMPOSITOR/A	OBRA E OBSERVACIÓNS	INSTRUMENTACIÓN
Zelenka	6 sonatas	2 óboes, fagot e continuo
Telemann	Sonatas	2 óboes ou frautas
Beethoven	Trío sonata	2 óboes e corno
Telemann	Concertos	3 óboes
Beethoven	Trío sobre o tema "La ci dar'en la mano"	2 óboes e corno
Robert Clérisse	Cache-Cache (Ed. Leduc)	Cuarteto de saxofóns
Jean Matitia	Chinese Rag (Ed. Leduc)	Cuarteto de saxofóns
Jacques Petit	Variations, 7 Pièces (Ed. Billaudot)	Cuarteto de saxofóns
Pierre Vellones	Valse chromatique (Ed. Lemoine)	Cuarteto de saxofóns

	Ed. Rubank Instrumental Collection	Cuarteto de frautas
H. Voxman	Chambermusic. Tres clarinetes. Vol. 1 e 2	Trío de clarinetes
J. Bouffil	Tríos	Trío de clarinetes
M. Ravel	Pavane pour une Infante Defunte	Coro de clarinetes
P. Harvey	Happijazz	Coro de clarinetes
E. Grieg/Ch. Hine	Peer Gynt	Coro de clarinetes
J. S. Bach/F. Sacci	Suite nº 3	Coro de clarinetes
Ph. Gordon	Capriccio	Coro de clarinetes
G. Jacob	Wind In The Reeds	Coro de clarinetes
J. Brahms/ J. Halferty	Danza Húngara nº 5	Coro de clarinetes
J. Bouffil	Tríos	Trío de clarinetes

